

## *In memoriam* Xosé María Díaz Castro

XESÚS TORRES REGUEIRO\*

*Lémbrome ben do vento que cantara  
no fio da tua morte, meu amigo,  
dos dóces días que arrastróu o vento  
da derradeira pomba da esperanza.*

**B**en que sentín non poder asistir o pasado día dous de outubro a darlle o derradeiro adeus en San Xoán de Lagostelle de Guitiriz a Xosé María Díaz Castro. O grande poeta galego fóisenos amodiño e sen molestar a ninguén, tal como vivira.

*Quero morrer de música nunha tarde de pinos  
sin sentir o martelo dun recordo no sangue  
e caerme amodiño na sombra como a lúa  
enterra as súas cornas tras de Arxán*

O pasamento de Xosé María non tivo a resonancia de que era merecente a súa persoa e a súa personalidade poética. Non era un "persoeiro da cultura", deses que tanto abondan sen que se saiban moi ben os seus presuntos méritos, nin tampouco era un escritor dos que adoitan interesar ós medios de comunicación ou buscan desesperadamente un oco neles tentando un fuxidío e mísero protagonismo.

*Hai unha cousa crara como o sol:  
prós nosos ollos non está feita a lus  
do mundo, o abrente frío que se abréu  
cando abrimolos ollos sobre mundo.*

Porén, resulta certamente desalentador para os que amamos a nosa cultura e a Poesía, comprobar como a morte en accidente –o mesmo día ca de Xosé María– do príncipe consorte dun país inexistente pode merecer para uns xornais que se din galegos o dobre ou o triple do espacio que



*Díaz Castro nunha fotografía publicada  
no Anuario Brigantino 1948.*

lle dedicaron ó pasamento dun poeta galego de calidade recoñecida e incuestionable. A ignorancia e o descoñecimento sobre a cultura e todo o noso produce estas cousas.

Xosé María Díaz Castro nacera na parroquia dos Vilares do entón concello de

\* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.

Trasparga o 19 de febreiro de 1914, no seo dunha familia labrega

*Galicia en min, meu Deus, pan que me deron  
leite e centeo e sono e lus da aurora.*

A súa xuventude transcorre no seminario de Mondoñedo, onde acada unha formación clásica e humanista. Nesa fecunda escola poética que foi o seminario mindoniense, establece relación con Aquilino Iglesia Alvariño, quen lle debeu da-lo pulo definitivo á súa incipiente vocación poética. Coñecedor das linguas clásicas e de boa parte dos idiomas europeos, Xosé María desenrolou a súa actividade profesional en Madrid como traductor para o CSIC e outras institucións, alonxado fisicamente de Galicia e dos cenáculos literarios do país.

A obra de Díaz Castro é tan breve coma intensa. Deixando aparte os poemas espallados por diversas publicacións, a súa obra poética recóllese nun único libro, *Nimbos*, publicado en 1961. A súa aparición foi saudada e recibida con moita ledicia e interés por parte da crítica e dalgúns importantes escritores galegos. Mailo libro, con toda a súa calidade, estivo lonxe de acadar popularidade—dentro da relativa popularidade que podía acadar entón unha obra en galego—. Outras eran as inqedanzas e preferencias poéticas do momento, máis propicio á poesía que se deu en chamar comprometida ou social. Aínda así, un dos poemas do libro, "Penélope", o máis coñecido e difundido dos de Xosé María, é toda unha profunda síntese da frustración dun país que non acerta a camiñar, dubidando de sí mesmo, tecendo e destecendo destinos

*Un paso adiante i outro atrás, Galiza,  
i a tea dos teus sonos non se move.  
a esperanza nos teus ollos se espreguiza.  
Aran os bois e chove.*

Xa denantes da aparición de *Nimbos*, Fernández del Riego dera a coñecer en

1955, na súa *Escolma de poesía galega*, sete poemas de Díaz Castro—incluídos logo no seu único libro—que chamaron a atención dos avisados que coidaban estar diante dunha nova voz no panorama da poesía galega.

*Poeta ou non, eu cantaréi as cousas  
que na soleira de mim mesmo agardan.  
Alumaréi con fachas de palabras,  
ancho herdo meu, o mundo que me deron.*

(...)

*Con este alento, eu lles daréi ás cousas  
o drama cheo que lles nega a vida:  
dareilles rostros, pra que se conozan,  
palabras lles daréi pra que se entendan ...*

Mais onde o de Guitiriz se revelou como poeta foi precisamente en Betanzos. Durante as festas patronais de 1946, o Concello organizou uns pomposos xogos frorais con raíña e a súa Corte de Amor, e coa presenza como "mantenedor" dos mesmos do Marqués de Lozoya, entón director xeral de Belas Artes. Estableceuse, entre outros, un primeiro premio e flor natural ó mellor poema en español, así como un segundo ó poema en galego que mellor louvara á muller betanceira. E foi nestes Xogos onde un entón mozo Díaz Castro, que exercía a docencia nun colexio de Villagarcía de Arousa e era aínda descoñecido como poeta, deu a coñecer por vez primeira a súa inspiración e pulo poético gañando ámbolos dous premios. O primeiro cun fermoso poema chamado "El cántico de la ciudad". O segundo cun non menos fermoso tríptico de sonetos que leva por título "Nascida dun soño".

*Ven aos meus versos como vas á feira,  
cantando e rindo ao vento das Mariñas.  
Ven, puño de cereixas cristalñas,  
entra no meu soneto, betanceira!*

Daquela era un poeta bilingüe no que non se dera aínda a plena asunción do galego como a súa lingua literaria, coa que vai acadar-la plenitude poética.

Sobre isto escribía eu un modesto ar-



tigo lembradoiro para o libro colectivo *Homenaxe a X. M. Díaz Castro* que lle ofrendaron e publicaron os seus paisanos da Agrupación Cultural "Xermolos" de Guitiriz no 1985. Na pasada primavera estivemos na homenaxe –posposta dende aquela, primeiro pola morte da súa dona e logo pola enfermidade do escritor– que a citada agrupación, liderada polo incansable guieiro que é o amigo Alfonso, lle dedicou ó redor dos seus amigos e veciños. Foi un acto fermoso e emocioante –moi diferente a esas homenaxes institucionais tan frías e pomposas– no que o poeta estivo rodeado da calor dos seus, pese ó día chuvioso e frío

*Non sei por qué me deron esta mañá vidrada  
chea de alas de pombas.  
Foi, se cadra, un grande anxo esquencido que tivo  
dó destes ollos cansos.*

Alí tivémo-lo honor e a satisfacción de coñecer a Xosé María Díaz Castro, poeta de corpo enteiro e persoa humilde, íntegra e intachable. Alí coñecemos ós seus fillos, vascos como a súa dona, e alí podemos comprobar emocioados como o

seu irmán Serafín –labrego, como labrego estaría destinado a ser Xosé María se a debilidade física da infancia non empurrara a seus pais a metelo no seminario– e outros veciños da parroquia recitaban de memoria poemas enteiros do autor de *Nimbos*, orgullosos de que fora un dos seus o autor daquelas fermosas composicións

*Hase de amar a cousa hastra que sangre.  
O verdadeiro amor enferra en neve,  
Ara nun mar de rosas suco leve,  
ai, pro acadulla en sangre.*

Por certo, ó remate do xantar homenaxe proxectouse unha película de vídeo sobre o poeta, e chamounos a atención que unha boa parte dela está filmada nas rúas de Betanzos, polas que o poeta fala e transita paseniñamente, lembrando a súa obra e o lonxano día do seu trunfo na vila betanceira. Nos levábamos no peto un exemplar de *Nimbos* e aproveitamos, ó saudar e falar con Xosé María, para pedirlle unha dedicatoria. Lembro que o poeta, home humilde e pouco afeito a estes gaxes do escritor, ficou sorprendido

pola petición e, logo de pensalo un pouco e mesmo confesarnos que a el estas cousas dábanlle reparo e que lle costaban máis que escribir un poema, estampounos unha cordial dedicatoria, dándolle máis valor, se cabe, a un libro para nós moi apreciado.

Eu con Díaz Castro tiña unha lonxana débeda que voume permitir explicaros tal lla expliquei a el naquela homenaxe da pasada primavera. Os primeiros poemas en galego que lín na miña infancia, cando un nin sospeitaba que na nosa lingua se fixera poesía, foron precisamente os sonetos do tríptico cos que o autor fora galardonado na nosa vila no xa lonxano verán de 1946 e que foron reproducidos pouco despois no *Anuario Brigantino 1951*. Claro que un servidor, que para o caso aínda non é tan vello, leunos moitos anos despois de seren impresos ó atopar pola casa os restos daquela publicación da nosa vila. Mais, en adiante, ficoume xa gravada a palabra e a imaxe daquel poeta que foi para a miña alma de neno todo un descubrimento. A beleza da palabra poética de Díaz Castro feriume para sempre.

É a súa unha poesía transcendente, dun clasicismo impregnado de fondas raíces campesiñas, existencial nun senso amplo, cunha forte carga de relixiosidade sentida dun xeito especial e mesmo contradictoria. Unha relixiosidade que se debate entre a ortodoxa aceptación do dogma e unha insaciable "sede de lus", que percura anguriosamente a luz a través da

palabra

*Tódolos ríos pasan pola miña  
alma, cheos de Deus, música e lapas.  
Tódalas pombas fan o meu amor.  
A beleza fireume para sempre.*

Relixiosidade que non consegue agacha-lo panteísmo que xorde detrás de cada verso, expresión da comunión do home coa terra

*Ei, Terra Verde e Mar de Orballo,  
polpa dorida se as hai!  
As túas portas perdín todo  
cheiro alleo de terra ou mar  
i agora, ó caer no teu colo,  
óio pacer a canto hai!*

Mais tamén foi Xosé María o cantor das cousas máis sinxelas e humildes, irmandado con elas dun xeito franciscano

*Herba pequerrechiña  
que con medo surrís  
ó sol que vai nacente  
e morrendo sen tí,  
¿por que de ser pequena  
te me avergonzas tí?  
O Universo sería  
máis pequeno sen tí!*

Agora, sen a presenza física de Díaz Castro, seméllanos que o Universo ficou máis pequeno, como ficaría tamén máis reducido, máis escuro e máis confuso sen a súa obra poética, sen os seus nimbos de luz cos que alumou o seu mundo e as cousas, dándolles rostros para coñecerse e palabras para entenderse ♦

